

de gastos de administración correspondente á xestión da prestación económica de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns dos traballadores ao servizo das súas empresas asociadas e dos traballadores por conta propia adheridos, a que se refiren o artigo 24.3, o artigo 73.2.b).2.º e o artigo 79.1, queda establecido no cinco por cento do importe das cotizacións obtidas pola mutua pola colaboración na referida xestión.»

Disposición transitoria primeira. *Prazo de formalización da xestión da cobertura das continxencias profesionais dos traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.*

Os traballadores por conta propia ou autónomos que figuren en alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos o día 1 de xaneiro de 2004, e que na dita data tivesen formalizada a xestión da prestación económica por incapacidade temporal cunha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e que, de conformidade co previsto na disposición transitoria primeira do Real decreto 1273/2003, do 10 de outubro, opten pola cobertura das continxencias profesionais dentro dos dous meses seguintes á dita data, deberán formalizala coa mesma entidade, producindo efectos nos termos sinalados na referida disposición.

Para efectos do establecido no parágrafo anterior e no punto 2 do artigo 85 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, introducido polo artigo único.dezanove deste real decreto, e ata que o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aprobe o modelo de anexo ao "documento de adhesión" previsto no punto 3 do artigo 86 do regulamento, a relación de adhesión formalizarase en documento anexo ao "documento de adhesión" establecido no artigo 75.1 do dito regulamento, cuxo contido deberá axustarse ao establecido no punto 2 do artigo 86.

Disposición transitoria segunda. *Formalización da xestión da cobertura das continxencias profesionais dos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.*

Para efectos do establecido no punto 1 do artigo 85 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, introducido polo artigo único.dezanove deste real decreto, e ata que o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aprobe o «documento de adhesión» previsto no punto 3 do artigo 86 do dito regulamento, a relación de adhesión para a xestión da cobertura entre o traballador por conta propia e a mutua correspondente formalizarase no mesmo modelo de documento que viñese utilizándose para tal efecto, no que deberá recollerse, en todo caso, os datos establecidos no punto 1 do artigo 86 do regulamento.

Disposición transitoria terceira. *Adaptación dos estatutos e rexistros.*

As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social disporán de prazo ata

o 31 de decembro de 2004 para a adaptación dos seus estatutos ao previsto neste real decreto.

Así mesmo, no prazo de tres meses contados desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» deste real decreto, as mutuas deberán adecuar o rexistro de traballadores por conta propia adheridos, e o rexistro de continxencias de traballadores por conta propia, establecidos no artigo 77 do Regulamento xeral de colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, ao disposto no artigo 88 do referido regulamento, incorporado polo artigo único.dezanove deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de traballo e Asuntos Sociais para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto os puntos trece, dezanove, vinte e un e vinte e dous do artigo único, así como a disposición transitoria primeira, que terán efectos desde o día 1 de xaneiro de 2004.

Dado en Madrid o 12 de marzo de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
EDUARDO ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

5651 *ORDE APA/806/2004, do 24 de marzo, de corrección de erros da Orde APA/3660/2003, do 22 de decembro, pola que se regula en España o sistema de localización de buques pesqueiros vía satélite e pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a adquisición e instalación dos sistemas de localización nos buques pesqueiros. («BOE» 77, do 30-3-2004.)*

Advertidos erros na Orde APA/3660/2003, do 22 de decembro, pola que se regula en España o sistema de localización de buques pesqueiros vía satélite e pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para

a adquisición e instalación dos sistemas de localización nos buques pesqueiros, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 2, do 16 de xaneiro de 2004, procédese a efectuar a seguinte rectificación:

Na páxina 613, no artigo 10, punto 2, liña segunda, debe eliminarse a expresión: «cumprindo cos requisitos anteriores.».

Madrid, 24 de marzo de 2004.

ARIAS CAÑETE

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

5750 *ORDE TAS/819/2004, do 12 de marzo, pola que se modifican os artigos 6, 14, 15, 22 e 23 e a disposición transitoria da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social. («BOE» 78, do 31-3-2004.)*

O artigo 41 da Constitución española establece que os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns, principio de universalidade que, porén, non foi realizado en termos absolutos, existindo aínda colectivos fóra do sistema de Seguridade Social.

A inclusión dos segrares, misioneiros e cooperantes de institucións relixiosas e de organizacións non gobernamentais no sistema de Seguridade Social foi unha aspiración constante destes colectivos, expresada a través de reiteradas peticións ante os órganos institucionais da Seguridade Social.

Parece oportuno considerar a pretensión indicada, tendo en conta que as características do traballo e a situación dos ditos colectivos ofrecen unha serie de trazos comúns co concepto e situación dos emigrantes cando aqueles se trasladan fóra do noso país co fin de se estableceren noutro estranxeiro para realizaren o labor que lles está encomendado, coa conseguinte similitude de orde xurídica coa situación dos emigrantes prevista no Real decreto 996/1986, do 25 de abril, polo que se regula a subscrición de convenio especial de emigrantes e fillos de emigrantes. Isto, unido ás previsións da disposición adicional primeira da Lei xeral da Seguridade Social, fai aconsellable facer uso da disposición derradeira do dito real decreto para aplicar a súa regulación e as súas normas de desenvolvemento a estes colectivos e, en definitiva, posibilitar a súa inclusión no ámbito protector do sistema de Seguridade Social pola vía do convenio especial, na modalidade prevista no artigo 15 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social.

Por outra parte, respecto da letra a) do punto 2.1 do artigo 6 da citada Orde TAS/2865/2003, que sinala como unha das bases de cotización que pode elixir o subscritor de convenio especial a base máxima do grupo de cotización correspondente á categoría profesional do interesado, advertíronse xa na etapa de vacación dela lagoas na súa regulación, para o caso en que esa base

máxima se pretendese aplicar en convenios especiais subscritos despois da extinción das prestacións por desemprego contributivo ou despois de transcorreren máis de noventa días desde o cesamento no traballo. Por iso se considera necesario completar a súa regulación ao respecto nesta orde por economía normativa.

Así mesmo, eméndanse os erros materiais advertidos na letra a) do punto 1 do seu artigo 14, suprimindo o inciso final do seu parágrafo primeiro, así como no punto 1 do artigo 22, para que se faga referencia expresa ao réxime de encadramento en que non existan grupos de cotización por categorías profesionais, e no parágrafo segundo do punto 2 do artigo 23, en que resulta inadecuada a remisión ao punto 1.1.

Finalmente, determínase a data de efectos das novacións dos convenios subscritos ao abeiro da normativa anterior á orde que se modifica.

Na súa virtude, este ministerio, en uso das atribucións que ten conferidas, dispuxo:

Artigo único. Modificación dos puntos 2.1.a) do artigo 6; 1.a) do artigo 14; 1 do artigo 22; parágrafo segundo do punto 2 do artigo 23, e adición dun novo punto, 1.3, ao artigo 15 e dun novo parágrafo á disposición transitoria da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social.

Un. Modifícase a letra a) do punto 2.1 do artigo 6, que queda redactada nos termos seguintes:

«a) A base máxima de cotización por contingencias comúns do grupo de cotización correspondente á categoría profesional do interesado ou no réxime en que estivese encadrado, na data de baixa no traballo determinante da subscrición do convenio especial, sempre que cotizase por ela polo menos durante vintecatro meses, consecutivos ou non, nos últimos cinco anos.

Por opción do interesado que a elixise, esa base máxima poderase incrementar en cada exercicio posterior á baixa no traballo na mesma porcentaxe en que se aumente a base máxima do grupo de cotización correspondente á súa categoría profesional para efectos de conformar a base de cotización para o convenio especial a que se refire este punto.»

Dous. Modifícase o primeiro parágrafo da letra a) do punto 1 do artigo 14, que queda redactado nos termos seguintes:

«a) Ser español que teña a condición de empregado ou funcionario de organismos internacionais intergubernamentais.»

Tres. Engádeselle un novo punto, 1.3, ao artigo 15, coa seguinte redacción:

«1.3 Os segrares, misioneiros e cooperantes, dependentes da Conferencia Episcopal, diocese, ordes, congregacións e outras institucións relixiosas así como de organizacións non gobernamentais, que teñan nacionalidade española e que sexan enviados polas súas respectivas organizacións ou institucións aos países estranxeiros, sen mediar relación laboral con estas, os cales, nos supostos a que se refiren os puntos precedentes, terán a consideración de emigrantes para os únicos efectos da subscrición desta modalidade de convenio especial.»

Catro. Modifícase o punto 1 do artigo 22, que queda redactado nos termos seguintes:

«1. Os traballadores contratados a tempo parcial que non estean percibindo prestacións de desemprego